

**Informe de Revisión do Sistema
do equipo de dirección
2016-2017
Informe anual dos resultados do centro**

**Informe de revisión do sistema
do equipo de dirección
-
Informe anual dos resultados do centro**

Data da reunión: 27/02/2018

Data de aprobación na Xunta da Facultade de Dereito: 28/02/2018

ÍNDICE DE CONTIDOS

I. ASPECTOS INTRODUTORIOS

I.1. PRESENTACIÓN / OBXECTO DA REUNIÓN

I.2. INFORME INICIAL

- I.2.1. DESCRICIÓN DE CAMBIOS ORGANIZATIVOS
- I.2.2. DESCRICIÓN DE CAMBIOS NA OFERTA FORMATIVA OU DE SERVIZOS
- I.2.3. DESCRICIÓN DE CAMBIOS NA DOCUMENTACIÓN DO SGIC
- I.2.4. DESCRICIÓN DOUTROS ASPECTOS DE INTERESE
 - I.2.4.1. Actividades de coordinación do Grao en Dereito/PCEO.
 - I.2.4.2. Actividades de coordinación do Mestrado universitario en avogacía

II. DATOS E ANALISE DE RESULTADOS DO CENTRO E DAS SÚAS TITULACIÓNS

II.1. REXISTRO DE RESULTADOS DO PANEL DE INDICADORES DO SGIC

- II.1.1. REXISTRO DE RESULTADOS XERAIS
- II.1.2. REXISTRO DE RESULTADOS DOS INDICADORES ESPECÍFICOS DO SEGUIMENTO
- II.1.3. ANÁLISE DOS RESULTADOS
 - II.1.3.1. Análise de resultados xerais do centro
 - II.1.3.2. Análise de resultados xerais das titulacións por obxectivos
 - II.1.3.3. Análise de resultados de PDI
 - II.1.3.4. Táboa de seguimento dos obxectivos de calidade do centro
 - II.1.3.5. Análise dos indicadores específicos de seguimento

II.2. RESULTADOS DE ENQUISAS DE SATISFACCIÓN DE TITULACIÓNS OFICIAIS

- PROCEDIMENTOS CENTRALIZADOS DE MEDICIÓN -

- II.2.1. ANÁLISE DE RESULTADOS DO GRAO DE SATISFACCIÓN DO ALUMNADO
 - II.1.3.1. Índice de participación
 - II.1.3.2. Grao de satisfacción
 - II.1.3.3. Propostas de accións para a mellora
- II.2.2. ANÁLISE DE RESULTADOS DO GRAO DE SATISFACCIÓN DO PROFESORADO
 - II.1.3.1. Índice de participación
 - II.1.3.2. Grao de satisfacción
 - II.1.3.3. Propostas de accións para a mellora
- II.2.3. ANÁLISE DE RESULTADOS DO GRAO DE SATISFACCIÓN DE TITULADOS/AS
 - II.1.3.1. Índice de participación
 - II.1.3.2. Grao de satisfacción
 - II.1.3.3. Propostas de accións para a mellora

II.2.4. ANÁLISE DE RESULTADOS DO GRAO DE SATISFACCIÓN DE EMPREGADORAS/ES.

II.1.3.1. Índice de participación

II.1.3.2. Grao de satisfacción

II.1.3.3. Propostas de accións para a mellora

- PROCEDEMENTOS DE MEDICIÓN PROPIOS DA FACULTADE -

II.2.5. ANÁLISE DE RESULTADOS DO GRAO DE SATISFACCIÓN CO USO DA WEB

II.1.3.1. Índice de participación

II.1.3.2. Grao de satisfacción

II.1.3.3. Propostas de accións para a mellora

II.2.6. ANÁLISE DE RESULTADOS DO GRAO DE SATISFACCIÓN DE EMPREGADORAS/ES

II.1.3.1. Índice de participación

II.1.3.2. Grao de satisfacción

II.1.3.3. Propostas de accións para a mellora

II.3. INDICADORES DE RESULTADOS ACADÉMICOS (TAXAS)

II.3.1. REXISTRO DAS TAXAS XERAIS

II.3.2. REXISTRO DAS TAXAS POR MATERIA

II.3.3. ANÁLISE DOS RESULTADOS

II.3.3.1. Análise das taxas globais

II.3.3.2. Análise das taxas por materia

II.4. OUTROS INDICADORES PROPIOS DO CENTRO/TÍTULO

II.5. DATOS RELATIVOS AS QSP RECIBIDAS

II.6. ESTADO DE SITUACIÓN DOS REXISTROS DE CALIDADE DO SISTEMA

II.7. OUTROS DATOS A RESALTAR POLO CENTRO

III. SITUACIÓN DAS MELLORAS PROPOSTAS EN INFORMES ANTERIORES

IV. LISTAXE DE NOVAS ACCIÓNS DE MELLORA PROPOSTAS

V. CONCLUSIÓNS E ACORDOS

VI. ANEXOS

ANEXO I: TÁBOAS DO PERFIL DE INGRESO DO ALUMNADO

ANEXO II: TÁBOAS DO GRAO DE SATISFACCIÓN

ANEXO III: TÁBOAS COS INDICADORES DE RESULTADOS POR MATERIA

ANEXO IV: INFORMES DE PRÁCTICAS EXTERNAS

I. ASPECTOS INTRODUTORIOS

I.1. Presentación/Obxecto da reunión

O obxecto desta reunión da Comisión de Calidade da Facultade de Dereito é a presentación, debate e aprobación, se procede, do informe de revisión do sistema polo equipo de dirección (antigo informe anual de resultados) correspondente ao curso académico 2016/2017, elaborado polo equipo directivo do centro, coa colaboración das coordinadoras do Grao en Dereito, do Mestrado universitario en avogacía e das prácticas externas de ambas titulacións, así como do persoal de apoio a centro e departamentos. O presente Informe debe someterse posteriormente a aprobación pola Xunta de Facultade, en cumprimento do procedemento DE-03 P1. O seu obxecto é garantir, no marco do proceso de mellora continua, a conveniencia, adecuación e eficacia do sistema de garantía interna de calidade do centro e das súas titulacións. O devandito proceso permite, ademais, a análise, a revisión e, se procede, a posta ao día da política e os obxectivos de calidade. Ademais, a partir do presente curso, este documento servirá de marco tamén ao proceso de seguimento das titulacións do centro (Grao en Dereito/PCEO e Mestrado universitario en avogacía).

I.2. Informe inicial

I.2.1. DESCRICIÓN DE CAMBIOS ORGANIZATIVOS QUE PODEN AFECTAR AO FUNCIONAMENTO DO CENTRO/TITULACIÓN/SERVIZOS NO QUE INCUMBE Á CALIDADE

Ata o presente curso, a inexistencia de persoal de administración e servizos (PAS) estable e con formación específica e competencias en materia de calidade, unida ao feito de que nos sete últimos anos -correspondentes ao tres últimos mandatos dos equipos dos decanos/as- un total de seis profesores sucesivamente teñan asumido as responsabilidades propias do vicedecanato de calidade (D.^a Mónica Siota Álvarez, D.^a Francisca Fernández Prol, D. Virxilio Rodríguez Vázquez, D. Roberto Ou. Bustillo Bolado, D.^a Marta Fernández Prieto e actualmente D. Miguel-Anxo Michinel Álvarez) dificultaba enormemente a xestión deste ámbito. Os profesores mencionados foron asistidos nas súas tarefas por persoas bolseiras de calidade (aínda que temporais e renovados en cada convocatoria, limitándose tamén o período máximo durante o cal un/unha estudante pode gozar dunha bolsa de calidade). Certamente, durante unha pequena parte dos procesos de certificación, acreditación ou verificación -uns dous meses-, viña asignado ao centro persoal de administración e servizos -contratado ou en comisión temporal- usualmente compartido, para asumir competencias en materia de calidade, pero sen formación específica previa.

A situación descrita cambiou parcialmente en relación co curso 2016/2017, xa que a finais do mesmo púxose en marcha a denominada nova RPT (relación de postos de traballo), co fin de distribuír ao PAS da universidade na busca dunha maior eficiencia. Polo que incumbe á calidade, a facultade conta agora con dúas persoas de apoio (compartidas con outro centro). Está aínda por ver o resultado que xerará esta nova distribución no que a xestión da calidade se refire, pero en calquera caso pode considerarse como máis positiva a nova situación, respecto aos cursos anteriores. No entanto, esta nova política supuxo a desaparición da figura das persoas bolseiras de calidade.

Por outra banda, foron varios os cambios producidos na composición da Comisión de Calidade, órgano colexiado encargado de dinamizar a política e obxectivos de calidade do centro, as accións de mellora e a adecuada implantación e seguimento do SGIC. As persoas que integran a Comisión de Calidade son elementos craves no desenvolvemento dos programas de calidade do centro. Ademais da súa participación activa nas funcións específicas da comisión, deben ser axentes dinamizadores da xestión de calidade no centro.

Sen dúbida, a modificación de máis relevo foi a iniciada durante o curso 2014/2015, coa aprobación do novo manual de calidade e a modificación do Regulamento de réxime interno da Facultade de Dereito, para adaptar a composición da Comisión de Calidade á establecida como composición mínima no manual, que supuxo un procedemento complexo de revisión, finalizado coa aprobación da modificación polos órganos de goberno da Universidade de Vigo -aprobado polo Consello de Goberno do 29 de outubro de 2015, data no que entrou en vigor-. A modificación da Comisión de Calidade prevista polo regulamento, que amplía a composición mínima prevista no manual, pretende conseguir unha representación adecuada dos distintos grupos de interese e das persoas implicadas na coordinación e na actividade docente das titulacións do centro.

A situación de cambios organizativos que afectan á xestión da calidade se reiterou no comezo do curso 2015/2016, pois as eleccións celebradas o 3 de novembro de 2015 supuxeron a substitución no equipo da decana.

Ao longo do curso 2016/2017 tamén se produciron diversas situacións na Comisión de Calidade, particularmente as motivadas pola natural substitución de estudantes membros da mesma, así como polos cambios orixinados na estrutura do PAS pola nova RPT da Universidade de Vigo. Actualmente, ao momento de aprobar o presente informe, a Comisión de Calidade da Facultade de Dereito está constituída polas seguintes persoas:

Presidente: Miguel Ángel Michinel Álvarez (vice decano de planificación e calidade da Facultade).

Secretaria: Concepción Martínez Martínez (secretaria da Facultade).

Membros do equipo da decana: Marta Fernández Prieto (decano da Facultade).

Coordinadores de titulación: Lourdes Borrajo Diz (Grao en Dereito) | M^a Dores Fernández Fustes (Mestrado en avogacía).

Persoal docente e investigador: Mónica Siota Álvarez | Roberto Bustillo Bolado

Alumnado: Alba Muñoz González (Mestrado en avogacía) | Iván Fariñas Álvarez (Dobre Grao ADE-Dereito).

Delegación de alumnado: presidente da delegación de alumnado (pendente de nomeamento).

María Pilar Joga Lasala (administradora do campus).

Ana María Martín Romeu (egresada do Grao en Dereito e do Mestrado en avogacía).

José Luís Castro Fírvida (avogado, representante da sociedade).

I.2.2. DESCRICIÓN DE CAMBIOS EN OFERTA FORMATIVA OU DE SERVIZOS

Os estudos de Grao en Dereito, adaptados ao Espazo Europeo de Educación Superior (EEES), impártense na Facultade de Dereito da Universidade de Vigo desde o curso académico 2009/2010 (G080 –plan 2010), aínda que o seu plan de estudos modificouse no curso 2013/2014 (G081 – plan 2014), co obxecto de corrixir certas disfuncións que incidían no rendemento académico do alumnado, conseguir unha mellor repartición da carga lectiva, equilibrar o esforzo académico entre os distintos cursos e incluír a mención en Unión Europea e desenvolvemento sustentable. O plan modificado comezou a súa implantación progresiva no curso académico 2014/2015, segundo o calendario de traballo preestablecido. O alumnado de novo ingreso, que accedeu ao Grao en Dereito no curso académico 2014/2015, incorporouse directamente ao plan de estudos modificado (G081 – plan 2014). O alumnado de continuación, que comezou os estudos de Grao en Dereito no plan de estudos (G080 – plan 2010), tivo a opción de elixir entre continuar os seus estudos de grao no plan G080, (hai que considerar que o primeiro curso extinguiuse xa no curso 2014/2015 - sen docencia e con dereito a exame-) ou cambiarse ao novo plan de estudos (tendo en conta que, durante o curso 2014/2015, soamente implantáronse os dous primeiros cursos). O plan do G-80 extinguiuse definitivamente no curso 2017/2018.

Doutra banda, a partir do curso 2014/2015 comezou a impartirse o Programa Conxunto de Estudos (PCEO) ADE-Dereito, en colaboración coa Facultade de Ciencias Empresariais e Turismo. A configuración dos novos graos universitarios -de máis curta duración e estrutura académica máis flexible que as vellas licenciaturas- facilitan o que hai non moito tempo era practicamente imposible: que o estudantado poida

simultaneamente cursar estudos de dúas carreiras e conseguir ambos títulos en apenas cinco ou seis anos. Precisamente un dos sectores académicos e profesionais onde máis conexións existen e onde máis frutífera pode ser esa simultaneidade de estudos é o triángulo delimitado polos ámbitos xurídico, empresarial e económico. De feito, repasando a oferta académica da educación superior en España, apréciase con claridade que é ese precisamente o campo onde máis demanda existe de programacións conxuntas (simultaneidade de estudos) por parte do novo estudiantado en busca da súa primeira oportunidade no mundo universitario. O PCEO chegou ata terceiro curso durante 2016/2017 e estará completamente implantado a partir do curso 2018/2019.

A continuidade en toda esta pluralidade formativa durante o período obxecto deste informe (2016/2017) obedece ao obxectivo específico incluído no plan estratéxico da Facultade de Dereito 2015/2018 (actualizado precisamente durante o curso 2016/2017) de adecuar a oferta académica da facultade á demanda social real, tendo en conta especialmente a contorna, o que permite tamén avanzar cara á especialización por campus e aproveitar o impulso do Campus da Auga. Por tanto, a pretensión da facultade durante o curso 2016/2017 foi continuar potenciando outros títulos cun alto nivel de aceptación, como se poderá apreciar mediante os datos que se achegan noutros epígrafes deste informe.

Neste marco cabe especialmente lembrar que, tras elaborarse as memorias xustificativa, económica e de verificación, o denominado Programa de doutoramento en auga, sustentabilidade e desenvolvemento, foi adscrito á Facultade de Dereito polacordo da Xunta do 6 de maio de 2016 e que obtivo o certificado do Consello de Goberno o 22 de xullo de 2016, o do Consello Social o 27 de xullo de 2016. Pois ben, o 19 de setembro de 2016 foi autorizado o seu envío pola Secretaría Xeral de Universidades da Xunta de Galicia ao proceso de verificación, obtendo a resolución favorable do Consello de Universidades o 8 de maio de 2017 e do Ministerio de Educación, Cultura e Deportes o 11 de maio dese mesmo ano.

Finalmente, en relación coa oferta de servizos que ofrece a facultade, como se sinalou xa, a finais do curso 2016/2017 tivo lugar a execución da nova RPT da Universidade, con significativo impacto nos cadros de persoal de administración e servizos do centro. En calquera caso, existe un apartado específico de análise máis adiante neste informe sobre este asunto, ao que nos remitimos.

I.2.3. DESCRICIÓN DE MODIFICACIÓNS OU CAMBIOS NA DOCUMENTACIÓN DO SGIC

Desde que en 2005 aprobábase os Criterios e Directrices Europeos para a Calidade na Educación Superior, realizouse un progreso considerable na garantía da calidade. O grupo E4 (ENQA, ESU, EUA e EURASHE) en cooperación con Education International (EI), BUSINESSEUROPE e EQAR elaborou unha proposta de revisión dos criterios, aprobada pola conferencia de Ministros de Educación en maio de 2015, "co obxectivo de mellorar a súa claridade, aplicabilidade e utilidade, incluíndo o seu alcance". Tanto na versión actualizada como na anterior, estableceuse que a xestión da calidade das titulacións e das institucións de educación superior realizaríase en dúas etapas: deseño e implantación do sistema de garantía interno da calidade en todos os ensinos oficiais adscritos ao centro (1) e avaliación do sistema para a certificación da súa implantación no centro e en todas as súas titulacións oficiais (2).

A primeira fase, interna, baséase no deseño e implantación dun sistema de garantía de calidade no centro e nas súas titulacións. No marco do Programa FIDES-AUDIT, promovido pola NECA, AQU-Catalunya e ACSUG (e que, desde o ano 2007, guiaba aos centros no seu labor de integración de todas as actividades relacionadas coa garantía de calidade dos ensinos) a Facultade de Dereito, en colaboración coa Área de Apoio á Docencia e Calidade da Universidade de Vigo, deseñou e aprobou a súa SGIC. A Facultade de Dereito obtivo a certificación do deseño do seu Sistema de Garantía Interno de Calidade aplicable a todos os ensinos oficiais impartidos no centro conforme ás directrices do programa FIDES-AUDIT por parte da ACSUG, tras a valoración positiva emitida no Informe final de avaliación do deseño do sistema de garantía interna de calidade do 26 de abril de 2010.

A segunda etapa, externa, consiste na avaliación do sistema que realizan as axencias de calidade universitaria. Como continuación ao proceso iniciado no ano 2007 de deseño dos SGIC, no marco dos programas FIDES-AUDIT, a ACSUG, ANECA e UNIBASQ consideraron abrir no ano 2013 un proceso de avaliación do deseño dos SGC e de certificación da súa implantación nos centros que se acolleron a aquel programa. O sometemento a este proceso de certificación tiña un carácter voluntario para os centros. A Facultade de Dereito cursou, con data do 15 de decembro de 2013, a solicitude para someterse á anteriormente citada avaliación e ao proceso de certificación de implantación da súa SGC. Nun primeiro informe de auditoría externa inicial para a certificación da implantación do SGIC do 7 de outubro de 2014, tras examinar minuciosamente as alegacións presentadas polo centro ao informe provisional, o equipo auditor concedeu un prazo de seis meses para avaliar a forma coa que se iniciou o tratamento das non conformidades detectadas, tal e como este se

describiu no plan de accións de melloras proposto polo centro. Rematado o prazo, procedeu a unha nova revisión documental para emitir o informe definitivo de auditoría da implantación do SGIC do centro. Coa realización desta segunda revisión documental, que se completou cunha visita ao centro de medio día o 2 de xuño de 2015, a facultade obtivo o distintivo de calidade por parte da ACSUG o 23 de xullo de 2015; isto é, a certificación da implantación da súa SGIC.

Con estes precedentes, durante o curso 2016/2017, o cambio máis significativo polo que se refire ao SGIC foi a modificación -levada a cabo por parte da Área de Calidade da Universidade de Vigo- dos seguintes procedementos:

Proceso de xestión de persoal (PE):

- PE-01 P1 **Xestión do PAS** (índice 04)

Describe as competencias dos centros relacionadas con a administración do persoal de administración e servizos, segundo as directrices de FIDES-AUDIT.

- PE-02 P1 **Xestión do persoal docente e investigador** (índice 04)

Describe as competencias dos centros relacionadas con a administración do persoal docente e investigador, segundo as directrices de FIDES-AUDIT. Incorpora un anexo (ficha de formación).

Estes dous procedementos anuláronse aos seguintes:

- PA-05 «Captación e selección do PDI e PAS»,
- PA-06 «Avaliación, promoción, recoñecemento e incentivos de PDI e PAS»
- PE-02 «Política de PDI e PAS»

Proceso docencia (DO):

- DO-0201 P1 **Planificación e desenvolvemento do ensino** (índice 05)

Este procedemento evoluciona ao índice 05, e anula a versión anterior (04) e incorpora as actividades ligadas á detección de necesidades de IPDI e sigue mantendo un documento anexo (informe de coordinación). Todos estes procedementos foron ademais validados pola Comisión de Calidade do 21 de xullo de 2017 e aprobados na Xunta da Facultade do 22 de setembro de 2017.

I.2.4. DESCRICIÓN DOUTROS ASPECTOS DE INTERESE

Durante o curso 2016/2017 cabe destacar que se levaron a cabo diversas actuacións de coordinación por parte da Comisión de Calidade do centro, tanto en relación co

Grao en Dereito como no Mestrado universitario en avogacía. Detállanse, sen ánimo exhaustivo e en orde cronolóxica, as seguintes:

I.2.4.1. Actividades de coordinación relacionadas con o Grao en Dereito / PCEO:

- 06/07/2016: Revisión previa á aprobación pola Comisión Permanente das guías docentes para o curso académico 2016/2017.
- 14/07/2016:
 - a) Aprobación do calendario das actividades de calidade correspondente ao primeiro cuatrimestre do curso 2016/2017.
 - b) Validación do anteproxecto do PAESU para o curso 2016/2017.
 - c) Validación do proxecto de Regulamento de prácticas externas e os seus anexos correspondentes.
 - d) Validación das actividades organizadas polo centro en relación co alumnado de novo ingreso para o curso 2016/2017: curso cero e curso 3.5.
 - e) Validación das modificacións correspondentes ao procedemento para seguimento e control da docencia.
- 28/10/2016:
 - a) Toma de postura sobre a non aplicación ou aplicabilidade do apartado de avaliación previsto nas guías docentes en materias sen docencia.
 - b) Toma de postura sobre a extensión dos programas de mobilidadee – SICUE ás materias Traballo de fin de grao (TFG) e prácticas externas.
 - c) Toma de postura sobre o art. 3.6. dos regulamentos para realización do TFG.
 - d) Validación do informe de accións de coordinación do Grao en Dereito e PCEO para o curso 2015/2016.
 - e) Validación do informe de avaliación do PAT do Grao en Dereito do curso 2015/2016, e aprobación do PAT para o curso 2016/2017.
 - f) Aprobación do informe relativo ao PAESU do curso 2015/2016 e do PAESU para o curso 2016/2017.
 - g) Aprobación do informe final da coordinadora do Grao en Dereito sobre o peche das guías docentes.
 - h) Validación da celebración do I Foro de Emprego Xurídico na Facultade de Dereito.
- 20/12/2016:
 - a) Aprobación do documento de reflexión sobre o perfil de ingreso e de egreso do alumnado do Grao en Dereito.
 - b) Aprobación do calendario de actividades de calidade para o segundo cuatrimestre do curso 2016/2017.
 - c) Aprobación do Informe de resultados de avaliación correspondente

ao curso 2015/2016.

- d) Aprobación do Informe de QSP correspondente ao curso 2015/2016.
 - e) Validación das modificacións á memoria do Grao en Dereito.
 - f) Validación da actualización das metas e indicadores vinculados a obxectivos de calidade do centro.
 - g) Validación do informe provisional da avaliación propia, do Grao en Dereito.
- 16/01/2017:
 - a) Actualización do plan estratéxico do centro.
 - b) Validación do informe definitivo de revisión do sistema pola dirección correspondente ao curso 2015/2016.
 - c) Validación do plan de melloras definitivo do centro e do Grao en Dereito para o curso 2016/2017.
 - d) Validación do informe definitivo da avaliación propia para a renovación da acreditación do Grao en Dereito.
 - e) Validación da modificación do Regulamento para elaborar o TFG en Dereito.
 - 22/02/2017:
 - a) Validación do procedemento de cambio de grupo.
 - b) Preparación da visita da Comisión Auditora no marco do proceso de renovación da acreditación do Grao en Dereito.
 - 08/06/2017:
 - a) Validación do programa e data de celebración do curso cero e curso 3.5.
 - b) Seguimento e actualización do plan de melloras do centro.
 - c) Aprobación do texto da enquisa de satisfacción de persoas tituladas propia do centro.
 - d) Adopción de medidas en relación coa mellora da participación dos distintos colectivos nas enquisas de satisfacción.
 - 21/07/2017:
 - a) Validación dos informes correspondentes ao PAT do curso 2016/2017 no Grao en Dereito.
 - b) Consideración de propostas para mellorar a asistencia ao PAT por parte do alumnado.

I.2.4.2. Actividades de coordinación no **Mestrado universitario en avogacía**:

- 06/07/2016: Revisión previa á aprobación pola Xunta de Facultade das guías docentes para o curso académico 2016/2017.
- 14/07/2016:
 - a) Aprobación do calendario das actividades de calidade correspondentes ao primeiro cuadrimestre do curso 2016/2017.

- b) Validación do anteproxecto do PAESU para o curso 2016/2017.
- c) Validación das actividades organizadas polo centro en relación co alumnado de novo ingreso para o curso 2016/2017: xornada de acollida.
- d) Validación das modificacións correspondentes ao procedemento para o seguimento e control da docencia.
- 28/10/2016:
 - a) Toma de postura sobre o art. 3.6. dos regulamentos para a realización do traballo fin de mestrado da Universidade de Vigo.
 - b) Validación dos informes das accións de coordinación do Mestrado universitario en avogacía do curso 2015/2016.
 - c) Validación do informe de avaliación do PAT do Mestrado universitario en avogacía do curso 2015/2016, e do PAT para o curso 2016/2017.
 - d) Aprobación do informe relativo ao PAESU do curso 2015/2016 e do PAESU para o curso 2016/2017.
 - e) Validación da celebración do I Foro de Emprego Xurídico na Facultade de Dereito.
- 20/12/2016:
 - a) Aprobación do calendario das actividades de calidade para o segundo cuatrimestre do curso 2016/2017.
 - b) Aprobación do informe de resultados da avaliación correspondente o curso 2015/2016.
 - c) Aprobación do Informe da QSP correspondente ao curso 2015/2016.
 - d) Validación da actualización das metas e indicadores vinculados aos obxectivos de calidade do centro.
- 16/01/2017:
 - a) Actualización do plan estratéxico do centro.
 - b) Validación do Informe definitivo de revisión do sistema pola dirección, correspondente ao curso 2015/2016.
- 08/06/2017:
 - a) Validación do programa e data de celebración do curso 3.5 e da xornada de acollida no Mestrado universitario en avogacía.
 - b) Aprobación do texto da enquisa de satisfacción das persoas tituladas, propia do centro.
 - c) Adopción de medidas en relación coa mellora da participación dos distintos colectivos nas enquisas de satisfacción.
- 30/06/2017:
 - a) Revisión e validación das guías docentes do Mestrado universitario en avogacía para o curso académico 2017/2018.
- 21/07/2017:

- a) Validación dos informes correspondientes ao PAT do curso 2016/2017 no Mestrado universitario en abogacía.
- b) Toma en consideración de propostas para mellorar a asistencia ao PAT por parte do alumnado.
- c) Validación dos informes da coordinadora académica e do coordinador profesional do Mestrado universitario en avogacía do curso académico 2016/2017.
- d) Validación dos informes das materias Prácticas externas e Prácticas externas básicas, do Mestrado universitario en avogacía do curso académico 2016/2017.
- e) Aprobación das alegacións ao Informe de seguimento do Mestrado universitario en avogacía.
- f) Validación da celebración da segunda edición do Foro e da Feira de Emprego Xurídico.

II. DATOS E ANÁLISES DOS RESULTADOS

II.1. REGISTRO DE RESULTADOS DO PANEL DE INDICADORES DO SGIC.

II.1.1. REGISTRO DOS RESULTADOS XERAIS

Centro		FACULTADE DE Dereito		
Panel de indicadores do SGIC		<u>Meta de calidade asociada (obxectivo de calidade)</u>	<u>Resultado Curso 2016/2017</u>	<u>Resultado Curso 2015/2016</u>
I01-MC	Certificación da implantación dos sistemas de calidade	Renovar/manter a certificación do SGIC	POSITIVO	POSITIVO
I05-MC	Grao de satisfacción do PAS	Non hai meta	N.D.	3,93
I01-DO	Seguimento das titulacións	Obter informes positivos	POSITIVO	POSITIVO
I02-DO	Acreditación das titulacións	Renovar a acreditación	RENOVADA (Grao)	RENOVADA (Mestrado)
Titulación		GRAO EN DEREITO (PLAN G080 E G081)		
Panel de indicadores do SGIC		<u>Meta de calidade asociada (obxectivo de calidade)</u>	<u>Resultado Curso 2016/2017</u>	<u>Resultado Curso 2015/2016</u>
I02-MC	Grao de satisfacción do alumnado	≥ 3 sobre 5	2,76 (G080) 3,28 (G081)	2,91 (G080) 3,18 (G081)
I03-MC	Grao de satisfacción do profesorado	≥ 3,5 sobre 5	4,55 (G080) 4,3 (G081)	N.D.
I04-MC	Grao de satisfacción das persoas tituladas	≥ 3 sobre 5	3,89	2,87
I06-MC	Grao de satisfacción dos empregadores/as	≥ 3 sobre 5	2,67	N.D.
I01-AC	Nota media de acceso	Non hai meta	Anexo I Táboa 1	Anexo I Táboa 1
I01(2)-AC	Nota mínima de acceso	≥ 5,5	6,79	5,93
I02-AC	Ocupación	≥ 100 %	110 %	110 %
I03-AC	Preferencia	≥100 %	140 %	104 %
I03(2)-AC	Adecuación	≥70 %	52,73 %	69,09 %
I04-A C.	Matrícula de novo ingreso por preinscripción (evolución do estudiantado matriculado en cada curso académico)	Cubrir número de prazas (50)	55	55
I03-DO	Participación do alumnado nas enquisas de avaliación docente	Non hai meta	(080) 29,82 % (081) 42,99 %	(080) 59,19 % (081) 43,93 %
I04-DO	Grao de satisfacción do alumnado coa actividade docente do profesorado	Non hai meta	(080) 3,49 (081) 3,83	(080) 3,98 (081) 3,98

I05-DO	Grao de satisfacción do alumnado coa planificación e desenvolvemento do ensino	≥ 3 sobre 5	(080) 2,38 (081) 3,27	(080) 2,78 (081) 3,08
I06-DO	Grao de satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento do ensino	≥ 3,5 sobre 5	(080) 4,48 (081) 4,19	(080) N.D. (081) N.D.
I07-DO	Grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento do ensino	≥ 3 sobre 5	3,84	N.D.
I08-DO	Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas	Non hai meta	N.D.	N.D.
I09-DO	Estudantes en programas de mobilidade internacional	Non hai meta	4	9
I09(2)-DO	Estudantado estranxeiro	Non hai meta	2	5
I010-DO	Duración media dos estudos	Non hai meta	3,99	4,30
I011-DO	Taxa de rendemento	≥ 65 %	57 %	63 %
I012-DO	Taxa de abandono	≥ 15 %	30,77 %	17,39 %
I013-DO	Taxa de eficiencia	≥ 90 %	84 %	92 %
I014-DO	Taxa de graduación	≥ 50 %	50 %	32,89 %
I015-DO	Taxa de éxito	≥ 80 %	76 %	78 %
I016-DO	Tempo medio en atopar emprego	Non hai meta	N.D.	N.D.
I017-PE	% PAS en programas de formación	≥ 75 %	57,89 %	84,21 %
I017(2)-PE	% PDI en programas de formación	Non hai meta	10	8
I02-PE	Cualificación do PDI	≥ 25 doutores	26	26
I03-PE	Resultados da investigación de carácter académico (sexenios)	≥ 50 sexenios	59	54
I03(2)-PE	Profesorado por categoría	Catedrática/o	1	2
		Titular	14	9
		Catedrática/o E.U.	1	1
		Titular E.U.	1	1
		Contratado doutor	9	11
		Contratado interino	1	1
		Axudante doutor/a	1	1
		Axudante	0	0
		Asociada/o	19	17
		Predoutoral Xunta	1	1
		Non aplicable	2	6
Titulación		<u>GRAO EN DEREITO (PCEO ADE-DEREITO)</u>		
Panel de indicadores do SGIC		<u>Meta de calidade asociada (obxectivo de calidade)</u>	<u>Resultado Curso 2016/2017</u>	<u>Resultado Curso 2015/2016</u>
I02-MC	Grao de satisfacción do alumnado	≥ 3 sobre 5	2,99	N.D.
I03-MC	Grao de satisfacción do profesorado	≥ 3,5 sobre 5	N.D.	N.D.
I04-MC	Grao de satisfacción das persoas tituladas	≥ 3 sobre 5	N.D.	N.D.
I06-MC	Grao de satisfacción dos	≥ 3 sobre 5	N.D.	N.D.

	empregadores/as			
I01-AC	Nota media de acceso	Non hai meta	Anexo I Táboa 3	Anexo I Táboa 3
I01(2)-AC	Nota mínima de acceso	≥ 7	8,31	7,85
I02-AC	Ocupación	≥ 100 %	135 %	110 %
I03-AC	Preferencia	≥100 %	110 %	150 %
I03(2)-AC	Adecuación	≥70 %	55,56 %	86,36 %
I04-A C.	Matrícula de novo ingreso por preinscripción (evolución do estudiantado matriculado en cada curso académico)	Cubrir número de prazas (10)	27	22
I03-DO	Participación do alumnado nas enquisas de avaliación docente	Non hai meta	54,03%	50,80%
I04-DO	Grao de satisfacción do alumnado coa actividade docente do profesorado	Non hai meta	N.D.	N.D.
I05-DO	Grao de satisfacción do alumnado coa planificación e desenvolvemento do ensino	≥ 3 sobre 5	2,6	N.D.
I06-DO	Grao de satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento do ensino	≥ 3,5 sobre 5	N.D.	N.D.
I07-DO	Grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento do ensino	≥ 3 sobre 5	N.D.	N.D.
I08-DO	Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas	Non hai meta	N.D.	N.D.
I09-DO	Estudiantado en programas de mobilidade internacional	Non hai meta	0	0
I09(2)-DO	Estudiantado estranxeiro	Non hai meta	0	0
I010-DO	Duración media dos estudos	Non hai meta	N.D.	N.D.
I011-DO	Taxa de rendemento	≥ 70 %	75 %	73 %
I012-DO	Taxa de abandono	≥ 10 %	21,43 %	N.D.
I013-DO	Taxa de eficiencia	≥ 90 %	N.D.	N.D.
I014-DO	Taxa de graduación	≥ 60 %	N.D.	N.D.
I015-DO	Taxa de éxito	≥ 80 %	82 %	83 %
I016-DO	Tempo medio en atopar emprego	Non hai meta	N.D.	N.D.
I017-PE	% PAS en programas de formación	≥ 75 %	57,89 %	84,21 %
I017(2)-PE	% PDI en programas de formación	Non hai meta	N.D.	N.D.
I02-PE	Cualificación do PDI	≥ 20 doutores	“	“
I03-PE	Resultados da investigación de carácter académico (sexenios)	≥ 40 sexenios	“	“
I03(2)-PE	Profesorado por categoría	Catedrática/o	“	“
		Titular	“	“
		Catedrática/o E.U.	“	“
		Titular E.U.	“	“
		Contratado doutor	“	“
		Contratado interino	“	“
		Axudante doutor/a	“	“
Axudante	“	“		

		Asociada/o	“	“
		Predoutoral Xunta	“	“
		Non aplicable	“	“
Titulación		MESTRADO UNIVERSITARIO EN AVOGACÍA		
Panel de indicadores do SGIC		<u>Meta de calidade asociada (obxectivo de calidade)</u>	<u>Resultado Curso 2016/2017</u>	<u>Resultado Curso 2015/2016</u>
I02-MC	Grao de satisfacción do alumnado	≥ 3,5 sobre 5	4,17	4,15
I03-MC	Grao de satisfacción do profesorado	≥ 3,5 sobre 5	4,41	N.D.
I04-MC	Grao de satisfacción das persoas tituladas	≥ 3 sobre 5	3,37	2,51
I06-MC	Grao de satisfacción dos empregadores/as	≥ 3 sobre 5		N.D.
I01-AC	Nota media de acceso	Non hai meta	Anexo I Tabla 2	Anexo I Táboa 2
I01(2)-AC	Nota mínima de acceso	≥ 5,5	5,99	5,74
I02-AC	Ocupación	≥ 66%	60 %	92 %
I03-AC	Preferencia	≥100%	63,3 %	92 %
I03(2)-AC	Adecuación	≥70%	72,2 %	73,91 %
I04-A C.	Matrícula de novo ingreso por preinscripción (evolución do estudiantado matriculado en cada curso académico)	Cubrir número de prazas (25)	18	23
I03-DO	Participación do alumnado nas enquisas de avaliación docente	Non hai meta	164,92 %	163,88 %
I04-DO	Grao de satisfacción do alumnado coa actividade docente do profesorado	Non hai meta	4,26	4,1
I05-DO	Grao de satisfacción do alumnado coa planificación e desenvolvemento do ensino	≥ 3,5 sobre 5	4,13	4,06
I06-DO	Grao de satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento do ensino	≥ 3,5 sobre 5	4,42	N.D.
I07-DO	Grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento do ensino	≥ 3 sobre 5	3,26	N.D.
I08-DO	Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas	Non hai meta	N.D.	N.D.
I09-DO	Estudiantado en programas de mobilidade internacional	Non hai meta	0	0
I09(2)-DO	Estudiantado estranxeiro	Non hai meta	0	2
I010-DO	Duración media dos estudos	Nou hai meta	2,06	2
I011-DO	Taxa de rendemento	≥ 90 %	99 %	98 %
I012-DO	Taxa de abandono	≥ 10 %	0 %	0 %
I013-DO	Taxa de eficiencia	≥ 90 %	99 %	100 %
I014-DO	Taxa de graduación	≥ 90 %	95,65 %	94,64 %
I015-DO	Taxa de éxito	≥ 90 %	100 %	100 %

I016-DO	Tempo medio en atopar emprego	Non hai meta	N.D.	N.D.
I017-PE	% PAS en programas de formación	≥ 75 %	57,89 %	84,21 %
I017(2)-PE	% PDI en programas de formación	Non hai meta	5	1
I02-PE	Cualificación do PDI	≥ 15 doutores	15	16
I03-PE	Resultados da investigación de carácter académico (sexenios)	≥ 30 sexenios	26	21
I03(2)-PE	Profesorado por categoría	Catedrática/o	1	1
		Titular	9	8
		Catedrática/o E.U.	1	1
		Titular E.U.	0	0
		Contratado doutor	4	6
		Contratado interino	0	0
		Axudante doutor/a	0	0
		Axudante	0	0
		Asociada/o	0	0
		Predoutoral Xunta	0	0
	Non aplicable		25	25

II.1.2. REGISTRO DE RESULTADOS DOS INDICADORES ESPECÍFICOS DO SEGUIMENTO.

Indicadores de seguimento (Grao en Dereito)			<u>Resultado</u> <u>Curso 2016/2017</u>	<u>Resultado</u> <u>Curso 2015/2016</u>
E3-I2	Perfil de ingreso do alumnado- Alumnado por titulación de procedencia		Anexo I Táboa 1	Anexo I Táboa 1
I8	Resultados da avaliación docente	Participación	(080) 29,82 % (081) 42,99 %	(080) 59,19 % (081) 43,93 %
		Resultado	(080) 3,49 (081) 3,83	(080) 3,98 (081) 3,98
I9	Profesorado avaliado polo programa DOCENTIA (quinquenal)	Nº	N.D.	N.D.
		%	-	-
I10	Profesorado que participa en programas de mobilidade	Nº	7	3
		%	-	-
I11	Distribución do alumnado por centro de prácticas externas		http://dereito.uvigo.es/gl/practicas-e-emplego/practicas-externas-curriculares/convenios-e-titulos Véxase ademais o anexo IV	
I14	Resultados da inserción laboral			
I15	Alumnado por grupo de docencia	Tamaño grupos A	N.D.	N.D.
		Tamaño grupos B	N.D.	N.D.
Indicadores de seguimento (PCEO ADE-Dereito)			<u>Resultado</u> <u>Curso 2016/2017</u>	<u>Resultado</u> <u>Curso 2015/2016</u>
E3-I2	Perfil de ingreso do alumnado- Alumnado por titulación de procedencia		Anexo I Táboa 3	Anexo I Táboa 3
I8	Resultados da avaliación docente	Participación	54,03 %	50,80 %
		Resultado	N.D.	N.D.
I9	Profesorado avaliado polo programa DOCENTIA (quinquenal)	Nº	N.D.	N.D.
		%	-	-
I10	Profesorado que participa en programas de mobilidade	Nº	N.D.	N.D.
		%	-	-

I11	Distribución do alumnado por centro de prácticas externas	N.D.		
I14	Resultados da inserción laboral			
I15	Alumnado por grupo de docencia	Tamaño grupos A	N.D.	N.D.
		Tamaño grupos B	N.D.	N.D.
Indicadores de seguimento (Mestrado univ. en avogacía)			<u>Resultado Curso 2016/2017</u>	<u>Resultado Curso 2015/2016</u>
E3-I2	Perfil de ingreso do alumnado- Alumnado por titulación de procedencia	Anexo I Táboa 2		Anexo I Táboa 2
I8	Resultados da avaliación docente	Participación	164,92%	163,88%
		Resultado	4,26	4,1
I9	Profesorado avaliado polo programa DOCENTIA (quinquenal)	Nº	N.D.	N.D.
		%	-	-
I10	Profesorado que participa en programas de mobilidade	Nº	3	1
		%	-	-
I11	Distribución do alumnado por centro de prácticas externas	http://masteravogacia.webs.uvigo.es/gl/docencia/practicas-externas/practicas-externas Véxase ademais o Anexo IV		
I14	Resultados da inserción laboral			
I15	Alumnado por grupo de docencia	Tamaño grupos A	N.D.	N.D.
		Tamaño grupos B	N.D.	N.D.

NOTA: N.D. INDICA QUE NON SE DISPÓN DE DATOS OFICIAIS OU QUE NON PROCEDE INDICALOS.

II.1.3. ANÁLISE DOS RESULTADOS.

II.1.3.1. Análise dos resultados xerais do centro.

II.1.3.2. Análise dos resultados xerais das titulacións por obxectivos.

II.1.3.3. Análise dos resultados do PDI.

II.1.3.4. Táboa de seguimento dos obxectivos de calidade do centro.

II.1.3.1. Análise de resultados xerais do centro.

O compromiso do centro coa calidade e a mellora continua concrétese na política de calidade da Facultade, que marca unha estratexia propia determinada á súa vez por uns obxectivos xerais de calidade e unhas consecuentes liñas de acción. Tal e como se reflicte no Manual de Calidade, este compromiso do centro débese reflectir na aplicación efectiva da citada política, no desenvolvemento dos distintos sistemas e procesos vinculados, nos procedementos que se establecen e, en definitiva, na súa incidencia nas actividades desempeñadas polo seu persoal. Neste contexto, a responsabilidade sobre a calidade e a mellora continua esténdese a todas as persoas vinculadas coa actividade do centro: profesorado, persoal de administración e servizos, alumnado..., e forma parte das súas tarefas o propósito e a aplicación da política de calidade acordada. O coñecemento dos obxectivos e da política de calidade polos implicados garántese pola súa formalización e inclusión no Manual de Calidade da facultade (anexo IV), a súa publicación na páxina web do centro e a súa difusión e

promoción mediante carteis distribuídos nas distintas plantas do edificio. Para garantir a súa adecuación e vixencia, procederase á súa revisión periódica e, cando se estime conveniente, á súa actualización. A política e os obxectivos de calidade defínense segundo o establecido no procedemento DE-01 P1 «Planificación estratéxica».

A política de calidade do centro deriva da importancia que ten consolidar unha cultura de calidade no ámbito universitario, da súa consideración como un factor determinante para conseguir a satisfacción das expectativas formativas das súas egresadas e egresados e o seu recoñecemento nos ámbitos académicos, profesionais e sociais nos que se integran. Para iso existe o compromiso de empregar todos os recursos humanos e materiais dispoñibles dentro do cumprimento da normativa vixente e en coherencia cos criterios e directrices establecidos. Así, establécense as seguintes liñas que constitúen os principios de política de calidade do centro:

- Manter unha oferta formativa axustada ás demandas, ás necesidades e ás expectativas da sociedade, para consolidar altos niveis de calidade nas titulacións, sen renunciar aos fundamentos académicos da universidade baseados no desenvolvemento do coñecemento, do espírito crítico, da capacidade de análise e de reflexión.
- Alcanzar o recoñecemento a nivel nacional e internacional da calidade docente a través da consecución das metas asociadas aos indicadores académicos, con especial relevancia daqueles que se relacionan coa satisfacción dos grupos de interese.
- Facilitar a extensión da cultura da calidade e a formación continua en materia de calidade do persoal docente e investigador, persoal de administración e servizos e do alumnado, fomentando a eficacia e continuidade dos sistemas e dos procesos a el vinculados.
- Asegurar a implantación, desenvolvemento e seguimento tanto do sistema de garantía interna de calidade (SGIC), como de todos os procesos relacionados coa calidade que afectan o centro e as súas titulacións.
- Asegurar unha docencia, investigación, xestión e transferencia de coñecemento con perspectiva de xénero para remover os obstáculos que impiden unha igualdade real entre as mulleres e os homes.
- Conseguir un compromiso permanente de mellora continua como norma de conduta, e propor e levar a cabo as accións para o mantemento e mellora da calidade.

Visto o nivel de consolidación destes principios, que os converte en auténtica fortaleza xeral de todo o sistema de calidade do centro, a súa coincidencia coas liñas de actuación previstas para todo o conxunto da Universidade de Vigo, a súa vixencia en relación co momento actual, así como a súa necesaria proxección a longo prazo, non

parece aconsellable introducir de momento cambios na súa configuración. Sobre esta base, tanto a acreditación do sistema de garantía de calidade como a renovación da acreditación das titulacións do centro, alcanzouse ou mantívose ao longo do curso 2016/2017, polo que non cabe realizar propostas de mellora neste sentido. Con estes avais, nos encontramos á espera da acreditación do centro, resultado que desde o equipo da decana entendemos debería proceder automaticamente, en función dos logros alcanzados ata o momento. Finalmente, polo que se refire ao grao de satisfacción do PAS, incluído tamén no panel de indicadores relativo ao centro, durante o curso 2016/2017 non levou a cabo a enquisa ao ser bianual, debido ao cal non procede realizar ningunha análise a este respecto.

II.1.3.2. Análise de resultados xerais das titulacións por obxectivos de calidade

En marzo de 2015, a definición dunha serie de eixes estratéxicos permitiu diferenciar bloques de obxectivos xerais que alcanzar a medio e longo prazo, aliñados e coherentes coa política de calidade do centro. Á hora de fixar os obxectivos de calidade, a facultade pretendeu ser ambiciosa, pero sobre todo realista e modesta, de modo que puidesen establecerse metas alcanzables, á luz dos recursos materiais e persoais cos que conta o centro. Os obxectivos xerais definidos, comúns aos demais centros da Universidade de Vigo, resultan claros e precisos, medibles, de fácil coordinación e seguimento nos plans de mellora do centro, involucran aos distintos grupos de interese e poden desenvolverse a través de plans concretos de actuación.

Un problema maior foi definir os indicadores cuantificables que permitisen no futuro analizar o grao de cumprimento deses obxectivos e fixar as metas inmediatas que hai que alcanzar. Respecto diso, considerouse fundamental naquel momento diferenciar por titulacións algunha das metas estratéxicas que conseguir, pois había taxas académicas, de matrícula e de satisfacción dos grupos de interese moi diferentes nuns e outros títulos. Neste sentido, existía unha dificultade adicional derivada de que se comezou a impartir o Mestrado universitario en avogacía pola Universidade de Vigo – titulación de 90 créditos ECTS- na Facultade de Dereito no curso académico 2013/2014, polo que a primeira promoción finalizou os seus estudos no primeiro cuadrimestre do curso 2014/2015. En consecuencia, apenas existían en 2015 datos dos indicadores, e os que existían non permitían facer un seguimento comparativo para analizar a súa evolución histórica e coñecer a situación de partida. Iso dificultou enormemente definir a estratexia do centro con respecto ás metas que hai que conseguir nesa titulación, polo que quizais algunhas delas pecaron entón de modestas (sen prexuízo de que algún membro da Xunta preguntase se a Comisión de Calidade non sería excesivamente ambiciosa á hora de fixar tales metas).

Con todo, así se concibiu o anexo 4 do Manual de calidade, onde se fixan as metas vinculadas a obxectivos, como un documento revisable periodicamente para adaptarse á realidade do centro e deseñar metas realistas e alcanzables. Estas fixéronse entón, consecuentemente, partindo da posibilidade, en futuras revisións deste documento, de que se puidesen alterar á alza ou á baixa, á vista do punto de partida no que en cada momento nos poidamos atopar, así como dunhas tendencias que, en realidade, en moitos parámetros descoñeciamos. Realmente, era a primeira vez que a facultade debía fixar metas conscientemente realistas e alcanzables e, probablemente por iso e porque as titulacións eran demasiado recentes como para permitir extraer datos suficientemente fiables, a comisión procedeu con modestia e prudencia. Ademais, o centro non considerou estratéxico definir metas en relación con determinados indicadores dos que non dispuña de ningún dato, ao non poder realizar un seguimento comparativo que permitise unha mellora continua.

superiores á media da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo (47,83 % e 37,7 % respectivamente) así como á media da Universidade de Vigo (62,77 %). Esta enquisa non se realizou o curso pasado, polo que non é posible comparar os datos de participación co 2015/2016.

B. Mestrado universitario en avogacía:

O índice de participación no mestrado tamén pode considerarse satisfactorio (70 %), se se ten en conta ademais a elevada porcentaxe de profesorado alleo á Universidade que participa no mesmo. Os índices de participación apuntados son claramente superiores á media da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo (21,05 % e 17,07 % respectivamente en Vigo e Pontevedra) así como á media da Universidade de Vigo (62,77 %). Esta enquisa non se realizou o curso pasado, polo que non é posible comparar os datos de participación co 2015/2016.

C. Facultade de Dereito:

Por todo o anterior, o índice de participación do Centro sitúase nun satisfactorio 76,24 % fronte ao 39,09 % da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, ou o 62,77 % da propia Universidade de Vigo.

II.2.2.2. Grao de satisfacción.

A. Grao en Dereito – PCEO:

Os índices de satisfacción do profesorado do Grao son moi bos (G080: 4,55 e G081: 4,3). Son superiores aos respectivos da Facultade de Ciencias Xurídicas (3,95 e 4,1 respectivamente) e ao da propia Universidade de Vigo (4,08).

B. Mestrado universitario en avogacía :

O mesmo sucede co Mestrado da avogacía, onde o grao de satisfacción é un 4,41, lixeiramente inferior ao dos seus homónimos na Facultade de CC. Xurídicas (4,56 e 4,59 en Vigo e Pontevedra respectivamente) pero superior á media da Universidade (4,08).

C. Facultade de Dereito:

O resultado medio para a Facultade é dun moi satisfactorio 4,4, lixeiramente superior á media da Facultade de CC. Xurídicas (4,36).

II.2.2.3. Propostas de accións para a mellora.

Tendo en conta dos elevados datos de participación, a Comisión de Calidade non considera necesario realizar propostas de mellora neste aspecto, salvo tentar manter as porcentaxes alcanzadas durante este curso en posteriores edicións da enquisa.

A Comisión de Calidade non considera necesario facer propostas de mellora en relación co grao de satisfacción do profesorado, á vista dos bos datos obtidos nas enquisas.

II.2.3. ANÁLISE DE RESULTADOS DO GRAO DE SATISFACCIÓN DE TITULADOS/AS (Táboas: Anexo II.A.3)

II.2.3.1. Índice de participación.

Os resultados de participación na enquisa poden considerarse como relativamente bos, tanto en relación co Grao en Dereito (53 %) como en relación co Mestrado en avogacía (43 %). Supoñen en ambos os casos unha porcentaxe o suficientemente ampla como para permitir arroxar datos fiables e superan amplamente os relativos á Facultade de CC. Xurídicas (26 % no Grao en Dereito e 10 % no Mestrado da avogacía) e a media da Universidade de Vigo (31 %).

II.2.3.2. Grao de satisfacción.

O grao de satisfacción xeral pode considerarse bo respecto das persoas tituladas do grao (3,89) sendo medio punto inferior no Mestrado en avogacía (3,37). Non existen datos anteriores que permitan realizar unha análise histórica, pero supérase a satisfacción dos estudantes non egresados no caso do grao, así como o grao de satisfacción dos egresados da Facultade de CC. Xurídicas (3,58), aínda que a exigua participación nas enquisas deste centro non resulta do todo fiable para realizar unha comparativa, particularmente no caso do Mestrado en avogacía (10 %).

En canto ás valoracións específicas non existen grandes variacións entre a resultados media por bloques, salvo talvez no caso do bloque 3 (orientación ao alumnado) que é o que alcanza peor puntuación tanto no grao (3,53) como no mestrado (3,83). Isto concorda cos resultados do curso anterior, cando posiblemente varios dos enquisados eran aínda parte do alumnado e valoraron á baixa tamén este mesmo bloque. As propostas de mellora neste sentido levadas a cabo desde entón conseguiron que nas enquisas do presente curso (como xa se indicou) o alumnado puntuase mellor este capítulo. Particularmente, tras a celebración en dúas ocasións xa da Feira e Foro de Emprego Xurídico, a primeira destas características celebrada en Galicia. Cabe esperar entón que as futuras persoas egresadas valoren á alza este apartado en futuras participacións nesta enquisa.

II.2.3.3. Propostas de accións para a mellora.

A Comisión entende que non son necesarias propostas de mellora en relación cos índices de participación nas enquisas, salvo tratar de manter os alcanzados ata o momento. En relación cos índices de satisfacción, ao tratarse de egresados, a Comisión propón como acción para a mellora **continuar coa celebración do Foro e Feira de Emprego Xurídico (2017C07 e 2017C08)**, tal e como se fixo no curso 2015/2016.

II.2.4. ANÁLISE DE RESULTADOS DO GRAO DE SATISFACCIÓN DE EMPREGADORAS/ES.

II.2.4.1. Índice de participación.

En relación coas enquisas de empregadores/as centralizadas por parte da Universidade de Vigo, o nivel da mostra foi baixo (5 enquisas) cun nivel de participación do 60 % (3 realizadas) no Grao en Dereito. Non hai resultados para o Mestrado universitario en avogacía.

II.2.4.2. Grao de satisfacción.

O grao de satisfacción global é dun 2,67 sobre 5, partindo da media de puntuación entre tres preguntas: nivel de adecuación da formación do persoal titulado ao perfil profesional (2/5); nivel de satisfacción co desempeño profesional do persoal titulado (3/5); e valor que outorga a empresa ao persoal titulado (3/5).

Ademais, houbo unha resposta á cuestión xeral 7 (cales son as competencias máis relevantes que deben posuír as persoas tituladas?) e outra á cuestión 9 (que melloras consideras que debe incorporar a titulación?). A resposta á primeira foi: “a claridade das explicacións”; á segunda, “maior organización das datas de exames, maior formación práctica”.

Os resultados non son bos, pero tampouco o grupo de mostraxe parece o suficientemente amplo e variado (só refírense a despachos de avogados) como para poder extrapolalos a nivel xeral. Doutra banda, resulta curioso que, analizando as respostas ás preguntas xerais, os enquisados estean a pensar máis ben no Mestrado en avogacía (do que non hai resultados) antes que no Grao en Dereito (que era o obxecto da enquisa en si).

II.2.4.3 Propostas de accións para a mellora.

En calquera caso, a Comisión de Calidade pode tomar accións de mellora, como **manter e mellorar a enquisa propia do centro (2017C04)** cuxos resultados analízanse máis adiante, ou tamén **organizar unha reunión con empregadores/as para aclarar o tipo de competencias que se consideran máis valiosas, e mellorar así o seu grao de satisfacción (2017MO05)**.

-PROCEDIMIENTOS DE MEDICIÓN PROPIOS DA FACULTADE-

II.2.5. ANÁLISE DE RESULTADOS DO GRAO DE SATISFACCIÓN EN USO DA WEB (Táboas: Anexo II.B.1)

II.2.5.1. Índice de participación.

A enquisa sobre o uso da web foi preparada no marco do PAESU e do plan de melloras do centro, pero non foi lanzada ata que se dispuxo da nova web, en substitución da versión anterior, considerada pouco intuitiva polo equipo da decana. Os resultados, por tanto, refírense ao grao de satisfacción coa nova web do centro, cuxa xestión está externalizada.

O nivel de participación foi de 39 persoas (sobre o total do alumnado do centro). Tendo en conta o gran número de enquisas que debe responder o alumnado ao longo do curso, pode considerarse un nivel adecuado de participación, susceptible de arrojar resultados representativos, aínda que certamente é mellorable. A poboación refírese tanto a alumnado de grao como de mestrado e non é posible achegar datos desagregados por sexos, ao tratarse dunha enquisa realizada polo propio centro, que non conta cos medios dispoñibles para un tratamento máis exhaustivo.

II.2.5.2. Grao de satisfacción.

En xeral, o grao de satisfacción obtido pode considerarse aceptable, xa que un 76,9 % dos participantes considéranse satisfeitos en xeral e un 2,6 % moi satisfeitos co uso da web (o mesmo porcentaxe dos que se senten nada satisfeitos).

Por preguntas, en xeral atopámonos en case todas cunha maioría semellante á que arroxa o grao de satisfacción xeral, no segundo terzo, aínda que certamente hai algúns datos que chaman a atención. Por exemplo, o feito de que un 46,2 % afirme que nunca se descargou un formulario da web ou que un 35,9 % afirme descoñecer a existencia do apartado de calidade (ao que se engade un 28,2 % que nunca o consultou).

En canto aos distintos apartados da web, o máis consultado (87,2 %) é tamén o mellor valorado (86,5 %). Destaca tamén o feito de que un 65,8 % considera que a información proporcionada é interesante e está actualizada (mesmo moi actualizada e interesante para un 10,5 %).

II.2.5.3. Propostas de accións para a mejora.

A Comisión propón como mellora **visibilizar a través da web as liñas de investigación dos grupos nos que está integrado o persoal docente e investigador da Facultade de Dereito (2017C05).**

En relación coa propia enquisa, un 53,8 % entende que é útil e está ben realizada (outro 25,6 % tamén opina que está ben realizada, pero que é inútil).

II.2.6. ANÁLISE DE RESULTADOS DO GRAO DE SATISFACCIÓN DE EMPREGADORES/AS (Táboa Anexo II.B.2)

II.2.6.1. Grao de participación.

Esta enquisa foi realizada tamén desde o centro como mellora proposta no plan do curso 2015/2016 e engádese á centralizada desde a área de calidade, xa analizada. Neste caso obtivéronse cinco respostas sobre unha poboación total de 15 destinatarios, fundamentalmente despachos de avogados que colaboran habitualmente co centro.

II.2.6.2. Grao de satisfacción.

En xeral, o índice de satisfacción pode considerarse bo. Por apartados, o que obtén peores valoracións é o relativo á capacidade para o uso de linguas estranxeiras. Como tónica xeral, a apreciación das competencias adquiridas por parte do alumnado, segundo as persoas potencialmente empregadoras, é boa.

II.2.6.3. Propostas de accións para a mellora.

Talvez o punto de reflexión máis importante de cara a eventuais accións de mellora sexa o feito de que dúas persoas enquisadas opinan que o nivel de competencias adquirido polo alumnado é útil, pero insuficiente para iniciarse no mundo profesional, fronte a tres que entenden que é suficiente para iniciarse no mundo laboral. Unha acción de mellora pode consistir en organizar *unha reunión con empregadores/as para tratar de aclarar o tipo de competencias que se consideran máis valiosas e mellorar así o seu grao de satisfacción (2017MO05).*

En relación coa propia enquisa, *proponse mantela pero melloralala (2017C04)* adaptándoa aos niveis de medición do enquisado centralizado, reformándoa para que poida ofrecer unha cuantificación numérica do grao de satisfacción entre 1 e 5 puntos.

II.3. INDICADORES DE RESULTADOS ACADÉMICOS (TAXAS).

II.3.1. Rexistro das taxas xerais³.

Ref.	Indicador	Titulación	Meta prevista	Resultado 2015/2016	Resultado 2016/2017
I010-DO	Taxa de rendemento	Grao	≥ 65 %	63 %	57 %
		Mestrado	≥ 90 %	98 %	99 %
		PCEO	≥ 70 %	73 %	75 %
I011-DO	Taxa de abandono	Grao	< 15 %	17,39 %	30,77 %
		Mestrado	< 10 %	0 %	0 %
		PCEO	< 10 %	N.D.	21,43 %
I012-DO	Taxa de graduación	Grao	≥ 50 %	42,03 %	50,00 %
		Mestrado	> 90 %	94,74 %	95,65 %
		PCEO	≥ 60 %	N.D.	N.D.
I013-DO	Taxa de éxito	Grao	≥ 80 %	78 %	76 %
		Mestrado	≥ 90 %	N.D.	100 %
		PCEO	≥ 80 %	83 %	82 %
I014-DO	Taxa de eficiencia	Grao	≥ 90 %	92 %	84 %
		Mestrado	≥ 90 %	100 %	99 %
		PCEO	≥ 90 %	N.D.	N.D.

II.3.2. Rexistro das taxas por materia.

En relación coas taxas por materias, optouse por seguir un deseño visual, mediante táboas que reflicten por cores os desvíos da media, tanto en relación co grao (G080 e G081) como o mestrado e o PCEO. Entendemos que con iso se facilita moito máis a análise.

Debido ás súas dimensións, estas táboas incorpóranse todas elas ao final deste documento, como Anexo III, do mesmo xeito que se procedeu coas táboas sobre grao de satisfacción. Finalmente, cabe puntualizar que na análise que segue, polo que se refire ao plan G080 do Grao en Dereito, soamente se aludira ás materias de cuarto curso, por ser o único con docencia durante o curso 2016/2017.

II.3.3. Análise dos resultados.

Taxa de abandono= porcentaxe de estudantes dunha cohorte de novo ingreso no curso X, matriculados no título T, na universidade ou que, sen haberse graduado nese título, non se matricularon nel durante dous cursos seguidos. **Taxa de éxito** = relación porcentual entre o número de créditos superados e o número de créditos presentados a exame. **Taxa de rendemento** = relación porcentual entre o número de créditos superados e o número créditos matriculados. **Taxa de avaliación** = relación porcentual entre o número de créditos presentados a exame e número créditos matriculados. **Taxa de eficiencia (ou taxa de rendemento de egresados)** = relación porcentual entre o número total de créditos superados ao longo da titulación por un/a egresado/a e o número total de créditos matriculados.

II.3.3.1. ANÁLISE DAS TAXAS GLOBAIS

A. En relación coa taxa global de rendemento:

a) *Respecto do grao:*

A taxa de rendemento do grao (57 %) diminúe respecto do curso anterior en seis puntos porcentuais e afástase da meta prevista (65 %), polo que o resultado non pode cualificarse como suficiente e debe levar a unha reflexión sobre as causas do descenso e as posibilidades de mellora, ou a variar á baixa a meta. No entanto, cabe indicar que, atendendo á evolución do Grao en Dereito desde a súa implantación, só dous cursos anteriores chegaron a superar o 70 %, polo que tampouco resultaría absurdo baixar a meta proposta, por exemplo a un 60 %, máis acorde coa media histórica.

b) *Respecto do mestrado:*

A taxa de rendemento do mestrado aumenta un punto porcentual respecto do curso pasado e atópase moi por enriba da meta pretendida (90 %), sendo xa próxima ao 100 %, polo que se debería continuar na mesma liña. Non se necesitan propostas de mellora.

c) *Respecto do PCEO:*

A taxa de rendemento do PCEO (75 %) supera a media prevista para o grao (70 %) e aumenta en 2 puntos porcentuais respecto do curso anterior, sendo un dato moi positivo. Proponse manter no 70% a meta para o devandito grupo, diferenciándoo do resto do grao.

B. En relación coa taxa global de abandono:

a) *Respecto do grao:*

A taxa de abandono chega ao 30,77 %. A explicación máis lóxica deste pésimo dato é a conclusión do plan G080 e a posibilidade concedida ao alumnado de pasar ao novo plan G081 (unido ademais á anterior extinción da licenciatura en Dereito. Por iso, convén esperar a examinar a taxa de abandono o curso que vén, xa concluído o proceso de extinción do G080, e comprobar se regresa a niveis máis próximos á meta prevista. En todo caso, a Comisión de Calidade debe **analizar os motivos que poden influír negativamente na taxa de abandono de Grao e PCEO, así como verificar a cantidade de alumnado de PCEO que decide continuar unicamente no Grao en Dereito e abordar os resultados co equipo homólogo de ADE. (2017GDO02).**

b) *Respecto do mestrado:*

A taxa de abandono do mestrado é inmejorable. Proponse manter a meta fixada.

c) *Respecto do PCEO:*

A taxa de abandono do PCEO é alta (21,43 %). Unha explicación pode ser que compute como tal o alumnado que pasa do dobre grao a un dos dous graos (Dereito ou ADE) que forman os estudos conxuntos. De ser esta a explicación, a falta de datos sobre cal dos dous é maioritariamente elixido, a comisión comprométese como acción de mellora a verificar **a cantidade de alumnado do PCEO que decide continuar unicamente no Grao en Dereito e a abordar este asunto na reunión de coordinación co equipo homólogo dos estudos de ADE (2017GDO10).**

C. En relación coa taxa global de graduación:

a) *Respecto do grao:*

La taxa de graduación sobe 8 puntos porcentuais respecto do curso pasado, alcanzando a meta proposta a cal, que podería manterse polo menos de cara ao curso que vén, xa que o datos históricos resultan de momento insuficientes como para poder realizar unha análise máis profunda. O resultado pode considerarse positivo, en calquera caso, e non son necesarias accións de mellora.

b) *Respecto do mestrado:*

A taxa de graduación incrementábase nun punto porcentual respecto do curso pasado, superando a meta fixada. Non require de accións de mellora.

c) *Respecto do PCEO:*

Non constan aínda datos de graduación respecto do PCEO, ao non estar completamente implantado.

D. En relación coa taxa global de éxito:

a) *Respecto do grao:*

A taxa de éxito do grao diminúe en dous puntos porcentuais respecto do curso anterior, volvendo a niveis parecidos ao curso 2011/2012 e non alcanzando a meta prevista. No entanto, non parece un dato alarmante e parece aconsellable manter a meta, á espera dos resultados que se obteñan o curso que vén. Non son precisas accións de mellora.

b) *Respecto do mestrado:*

A taxa global de éxito do mestrado é insuperable (100 %). Ademais, o 100 % dos egresados/as superou o exame estatal para a obtención do título de avogado/a. Non precisa accións de mellora.

c) *Respecto do PCEO:*

Respectou da taxa de éxito do PCEO (84 %), diminúe 8 puntos porcentuais respecto do curso pasado, pero supera á do grao así como a meta fixada, o que pode considerarse positivo en termos xerais.

E. En relación coa taxa global de eficiencia:

a) *Respecto do grao:*

A taxa de eficiencia do grao diminúe oito puntos porcentuais e afástase da meta prevista. Talvez a comisión pode variar á baixa a meta fixada, situándoa nun 85 %.

b) *Respecto do mestrado:*

A taxa de eficiencia do mestrado descende un punto porcentual respecto do curso pasado, pero supera claramente a meta fixada, polo que non caben recomendacións neste punto.

c) *Respecto do PCEO:*

Non constan datos respecto do PCEO.

II.3.3.2. ANÁLISE DAS TAXAS POR MATERIAS

A. En relación coa taxa de avaliación por materias:

a. *Respecto do Grao en Dereito:*

No **primeiro curso** do G081, a media global (85 %) é superior á do anterior (83 %), o que pode considerarse positivo. Non hai materias que destaquen en especial, sendo a inferior unha materia non xurídica (Fundamentos de contabilidade e finanzas) cun 78 %. As máis altas tampouco son estritamente xurídicas e obteñen un 89 % (Novas tecnoloxías e principios de economía).

No **segundo curso** do G081, a media global é só lixeiramente inferior á do curso anterior (un 81 % actual fronte a un 83 % anterior). Destaca polo baixo o índice de Sistema xudicial español e Proceso civil (58 %) fronte ao 91 % de Dereito penal I.

En terceiro **curso** do G081, a media global é igual á do curso anterior (84 %). Os peores índices corresponden a Xurisdición contencioso administrativa e social (71 %) e Dereito financeiro e tributario I (72 %) fronte ao 94 % de Dereito mercantil I.

En cuarto **curso** do G081 a media global é 93 %, destacando por abaixo Dereito financeiro e tributario (85 %) e por enriba o 100 % de case todas as optativas. Non hai curso anterior deste plan para poder establecer unha

comparativa. En relación co TFG a media é dun 60 %, que se mantén igual respecto do precedente anterior (o TFG do G080 do curso 2015/2016).

En cuarto **curso do G080**, a media global é do 90 %, algo inferior á do curso anterior, e tan só afástase sensiblemente dela o TFG (50 %), aínda que debido ás peculiaridades da devandita materia, non parece que o dato sexa preocupante. A seguinte materia coa media máis baixa é Dereito comunitario (79 %) e a maioría das optativas destacan por enriba con 100 %.

b. Respecto do Mestrado universitario en avogacía:

A taxa de avaliación do mestrado é excelente en xeral (99 %) e en todas as materias, correspondendo a inferior ao TFM (93 %).

c. Respecto do PCEO:

En primeiro **curso**, a media global (92 %) é claramente superior á do anterior (85 %), sen grandes diferenzas entre materias: a menor taxa corresponde a Dereito constitucional II (85 %) e a maior a varias materias (96 %).

En segundo **curso**, a media global é tamén dun 92 % e tamén claramente superior á do anterior (85 %). Varias materias alcanzan o 100 %, mentres que unha distánciase demasiado da media por abaixo: Dereito internacional público (64 %).

En terceiro **curso**, a media global é dun 93 % (sen datos históricos de cursos anteriores), alcanzando varias materias o 100 % e dous a certa distancia por baixo: Dereito financeiro e tributario I e Dereito da Unión Europea, ambas las dúas cun 80 %.

B. En relación coa taxa de rendemento por materias:

a. Respecto do Grao en Dereito:

No **primeiro curso** do G081, a media global sobe respecto da obtida no curso anterior (un 73 % fronte a un 68 %). Unha materia afástase sensiblemente da media: Fundamentos de contabilidade e finanzas (57 %). Destaca por enriba Teoría do dereito, cun 82 %.

No **segundo curso** do G081, a media global de novo sobe respecto do curso anterior (do 56 % ao 61 %) e nesta ocasión hai catro materias con resultados preocupantes: Dereito internacional público (58 %) e Dereito da Unión Europea (da mesma área de coñecemento e profesor, 57 %) -aínda que ambas incrementan sensiblemente respecto dos seus datos anteriores- así como Dereito penal I (55 %) e especialmente Sistema xudicial e proceso civil (42 %). Por enriba destaca claramente Dereito administrativo I (79 %).

No **terceiro curso** do G081, a media global sobe lixeiramente en relación co curso anterior (de 70 % pasa a 71 %). Destacan negativamente Dereito do traballo e da seguridade social (59 %), Dereito financeiro e tributario I (60 %) e Xurisdición contencioso administrativa e social (61 %). Por enriba, Dereito administrativo II (88 %).

No **cuarto curso** do G081 a media global é dun 91 %, sen datos históricos neste plan. A maioría das optativas chegan ao 100 %. Por abaixo, destaca Dereito financeiro e tributario II (74 %). Destaca negativamente de novo o TFG, cun 60 %, aínda que as peculiaridades desta materia fan que o dato non sexa especialmente preocupante. De todos os xeitos, prevese como mellora **elaborar unha guía obxectiva ou rúbrica para a avaliación do TFG (2016GDO06)**. A maioría das optativas chegan ao 100 %. Por abaixo, destaca Dereito financeiro e tributario II (74 %).

Finalmente, no **cuarto curso do G080**, a media é dun 86 % (inferior ao 89 % alcanzado o curso anterior) e dúas materias afastándose da mesma: Dereito de defensa da competencia (67 %) e -de novo- o TFG (50 %).

b. *Respecto do Mestrado universitario en avogacía:*

A taxa do mestrado é excelente en xeral (99 %) e en todas as materias, correspondendo a inferior ao TFM (92 %).

c. *Respecto do PCEO:*

En primeiro **curso**, a media global é dun 71 %, claramente inferior á do curso pasado (80 %). Inflúen ao baixa tres materias que afastan moito da media: Dereito romano (44 %); Dereito constitucional I (48 %); e Dereito constitucional II (46 %). Teoría do Dereito (96 %) ou Introducción ao dereito civil (93 %) destacan por enriba.

En **segundo curso**, a media global é dun 73 %, superior á do curso anterior (66 %). Afástanse moito da media por abaixo Dereito internacional público (48 %) e Sistema xudicial español e proceso civil (52 %). Entre as materias xurídicas, destaca por enriba Dereito civil II (85 %).

En terceiro **curso**, a media global é do 86 % (sen datos históricos de cursos anteriores). Afástase moito, por baixo da media, Dereito da Unión Europea. Varias materias alcanzan o 100 %.

C. En relación coa taxa de éxito por materias:

a. *Respecto do Grao en Dereito:*

No **primeiro curso** do G081, a taxa media de 85 % é superior ao 80 % alcanzado o curso anterior. Fundamentos de contabilidade e finanzas é a materia que máis se afasta desa media por abaixo (73 %), mentres que destaca por enriba Teoría do dereito (92 %).

No **segundo curso** do G081, a taxa media é dun 74 %, alta en relación á do curso anterior (67 %), sendo Dereito penal I a materia que máis se afasta da media por abaixo (61 %). Destaca por enriba Dereito administrativo I (89 %).

No **terceiro curso** do G081, a media é dun aceptable 84 % (un punto superior ao curso pasado). Destacan por enriba do 90 % Dereito administrativo II (96 %), Dereito civil III (95 %) e Dereito internacional privado (92 %). Cos resultados máis baixos, Dereito do traballo e da seguridade social (70 %) e Dereito mercantil I (72 %).

No **cuarto curso** do G081, a media global é dun 98 %, sen datos históricos previos no devandito plan. Todas as optativas alcanzan o 100 %, así como tamén o TFG (o que compensa os seus peores resultados nas outras dúas taxas).

Finalmente, en cuarto **curso do G080**, a media é moi boa, do 96 % e a maioría das materias aproxímanse a ela (o TFG chega ao 99 %), salvo Dereito de defensa da competencia, que queda nun 67 %.

b. *Respecto do Mestrado universitario en avogacía:*

A taxa de éxito do mestrado é inmejorable en todas as materias (100 %) e dun 99 % no TFM.

c. *Respecto do PCEO:*

En primeiro **curso**, a media global é dun 77 %, claramente inferior á do curso precedente (89 %). Mentres Teoría do dereito chega ao 100 %, Dereito romano baixa excesivamente a un 46 % ou Dereito constitucional I e II caen a un 54 % e 55 % respectivamente.

En segundo **curso**, a media global é dun 79 %, lixeiramente superior ao curso anterior (76 %). Destaca por baixo Sistema xudicial español e proceso civil (52 %).

En terceiro **curso**, sen datos previos de cursos anteriores, a media global actual é dun 92 %. Varias materias xurídicas alcanzan o 100 %, pero Dereito da Unión Europea queda nun 83%.

II.4. OUTROS INDICADORES PROPIOS DO CENTRO/TÍTULO (VALIDADOS POLA UEP)

Non existen outros indicadores propios do centro que deban ser considerados.

II.5. DATOS RELATIVOS ÁS QSP RECIBIDAS**II.5.1. Rexistro de datos.**

Queixas		Sinalar titulación	Resultado curso 2016/2017	Resultado Curso 2015/2016
Relativas a	Docencia	-	0	0
Relativas a	Infraestruturas	-	0	0
Relativas a	Servizos	-	0	0
Relativas a	Outros	-	0	0
Suxestións		Sinalar titulación	Resultado curso 2016/2017	Resultado Curso 2015/2016
Relativas a	Docencia	-	0	0
Relativas a	Infraestruturas	-	0	0
Relativas a	Servizos	-	0	0
Relativas a	Outros	Grao en Dereito	1	0
Parabéns		Sinalar titulación	Resultado curso 2016/2017	Resultado Curso 2015/2016
Relativas a	Docencia		14	22
Relativas a	Infraestruturas		0	0
Relativas a	Servizos		0	0
Relativas a	Outros		0	0

II.5.2. Análise dos resultados

O procedemento MC-02 P1, sobre xestión de queixas, suxestións e parabéns, esixe presentar un informe anual das QSF recibidas na caixa de correos virtual da web do centro, que han de ser así mesmo obxecto de análise no presente Informe de revisión do sistema pola dirección.

Pois ben, na devandita caixa de correos recibíronse 15 entradas ao longo de curso 2016/2017. Delas, unha consistía certamente nunha suxestión, destinada á celebración do acto académico de fin de curso. As outras 14 eran parabéns dirixidas, ben a docentes da facultade (na súa gran maioría), ben ao equipo da decana pola celebración de determinados actos. Todas elas foron respondidas, segundo indica o protocolo a seguir, como se detalla no procedemento sinalado, agradecendo en primeiro lugar o uso da caixa de correos QSP, remitindo a felicitación á persoa ou persoas interesadas, e dando noticia de todo iso ao usuario/a que formulou o parabén.

Destes datos, indúcese un positivo dobre punto de análise. En primeiro lugar, que o principal grupo de interese (aínda que non o único) ao que vai destinado a caixa de correos virtual QSP (o alumnado) coñece a súa existencia e utilízao. Certamente, este feito contrasta co baixo grao de satisfacción que obtén a pregunta 22, clave da enquisa de satisfacción neste punto, sobre as canles para realizar queixas, suxestións e parabéns (3 e 3,04 no Grao e no PCEO respectivamente, fronte ao 4,27 do alumnado do Mestrado universitario en avogacía). **Apreciamos que se abre aquí unha oportunidade para a mellora neste ámbito (2017C03)**, polo menos en relación co alumnado do grao en particular, e neste sentido así quedará reflectido no plan xeral de accións do centro para o curso 2016/2017. Tamén prevese **fomentar a participación do alumnado no PAT do Centro (2017GDO05)**. E, en segundo lugar, como é lóxico, tamén cabe subliñar que as 15 parabéns recibidas supoñen un alento para o centro, tanto a nivel docente, como de xestión, polo que non cabe máis que alegrarse, sen caer por iso nunha compracencia que nos impida continuar esforzándonos por alcanzar curso a curso os nosos obxectivos de calidade.

Por outra banda, en relación cos resultados asociados a recursos materiais, servizos e infraestruturas, esta parte do informe ten que ser necesariamente concisa por un sinxelo motivo: non se detectaron a longo do curso 2016/2017 problemas de entidade relacionados con este ámbito, en xeral, ou que poidan afectar á calidade. Así se deriva, dun lado, da ausencia de queixas tramitadas sobre este aspecto a través da caixa de correos de QSP do centro; e, doutro lado, do constatado nas enquisas de satisfacción nas que, como se viu, precisamente o ítem relativo a recursos materiais e servizos do centro -tanto nas enquisas realizadas ao alumnado como a titulados/as, de grao e de mestrado- é o que alcanza as puntuacións máis elevadas.

Como outro aspecto positivo, cabe indicar así mesmo que os labores de mantemento das instalacións e equipos docentes e de investigación desenvolvéronse con normalidade ao longo do curso 2016/2017, en cumprimento da execución dos orzamentos do edificio e do centro, respectivamente, baixo a supervisión do personal de asuntos económicos e de administración de centro.

Doutra banda, en relación coas prácticas externas, a rede de convenios asinados polo centro coas diversas institucións garanten a adecuación dos recursos materiais e instalacións á realización das mesmas para a adquisición, por parte do alumnado, das competencias asociadas. Cabe engadir que toda a información sobre as prácticas externas relativa ao curso 2016/2017 figura no informe das coordinadoras de prácticas do Grao en Dereito e do Mestrado universitario en avogacía, que se acompañan como anexos.

Todo o anterior non obsta para que, no curso 2016/2017, expuxéronse cuestións puntuais ao redor dos recursos materiais que foron abordadas pola Comisión de Calidade. Particularmente, tratouse ca vicerreitoría de Campus a situación xerada pola excesiva calor nas aulas durante os meses de verán, ante a falta de equipos de refrixeración nas mesmas, o que provocou a solicitude de medicións ao equipo de prevención de riscos da Universidade, sobre os niveis de temperatura en tales espazos; finalmente, informouse de toda a situación na reunión da Comisión de Calidade, tal e como se detalla na acta de 28 de outubro de 2016. Neste momento, existe o compromiso de abordar ao longo de 2018 a climatización dunha parte das aulas do centro, para tratar de resolver este problema, o que se reflectiu tamén no cadro de melloras (**2017C02: mellorar a climatización da facultade**).

II.6. ESTADO DE SITUACIÓN DE OS REXISTROS DE CALIDADE DO SISTEMA

Procedemento	Código	Rexistro/Evidencia	Estado / Situación			
Planificación e desenvolvemento estratéxico	R1-DE01P1	Plan estratéxico do centro	X			
Seguimento e medición	R1-DE02P1	Panel de indicadores	X			
Revisión do sistema pola dirección	R1 -DE03P1	Informe de revisión do sistema pola dirección	X			
Deseño, autorización e verificación das titulacións oficiais*	R1-DO0101P1	Acta da Comisión de Calidade sobre a modificación dunha titulación				X
	R2-DO0101P1	Acta da Comisión de Calidade sobre a acreditación dunha titulación	X			
Seguimento e mellora das titulacións	R1-DO0102P1	Informes anuais de seguimento	X			
	R2-DO0102P2	Informes finais de avaliación das titulacións (ACSUG)	X			
	R3-DO0102P3	Informes de revisión interna (UVigo)	X			
Suspensión e extinción dunha titulación*	R1-DO0103P1	Resolución de extinción dun título	X			
	R2-DO0103P1	Orde de suspensión/revogación dunha titulación publicada no DOG	X			
Planificación e desenvolvemento do ensino	R1-DO0201P1	Informe de Coordinación	X			
	R2-DO0201P1	Procedemento para o control e seguimento da docencia (ACTA)	X			
Promoción das titulacións	R1-DO0202P1	Plan de promoción do centro.	X			
Orientación ao estudiantado	R1-DO0203P1	Plan de acción titorial	X			
	R1-DO0203P1	Informe final de avaliación do PAT	X			
Xestión de prácticas académicas externas	R1- DO0204 P1	Criterios de asignación das prácticas curriculares	X			
Xestión da mobilidade	R1-DO0205 P1	Listaxe de estudiantado propio seleccionado	X			
	R1-DO0205 P1	Listaxe de estudiantado de mobilidade alleo				X
Información pública e rendemento de contas	R1- DO0301P1	Plan operativo de xestión pública	X			
Xestión das queixas, suxestións e parabéns	R1-MC02	Comunicación da QSP				X
	R2-MC02	Informe e proposta de resposta				X
	R3-MC02	Informe QSP Xornal	X			
Satisfacción das usuarias e usuarios	R1-MC05	Proposta de PAESU	X			
	R2-MC05	PAESU	X			
	R3-MC05	Ficha técnica de deseño da actividade de avaliación	X			
	R4-MC05	Informe de resultados de avaliación	X			
	R5-MC05	Informe de seguimento do PAESU	X			

Xestión do PAS	R1-PE01	Identificación das necesidades do PAS do centro	X			
	R2-PE01	Identificación das necesidades de formación do PAS do centro	X			
Xestión do PDI	R1-PE02	Resultados de avaliación docente anuais	X			
	R2-PE02	Informe para responsables académicos	X			
	R2-PE02	Lista de accións formativas derivadas de necesidades detectadas	X			
	R4-PE02	Ficha de programa/ actividade de formación	X			
	IT08-PA05	Acta de suxestións á proposta de formación do PAS.	X			
Xestión de recursos materiais*	IT01-PA07	Criterios de selección de recursos materiais e provedores	X			
	IT02-PA07	Ficha solicitude de recurso material	X			
Xestión de servizos*	IT01-PA08	Plan de actuación dos servizos permanentes do centro				X
	IT012PA08	Informe de resultados dos servizos contratados				X
Desenvolvida completamente e rexistrada na aplicación						
Realizada parcialmente (non dispoñible para todas as titulacións do centro ou non rexistrada)						
Non comezada para ningunha titulación						
Non procede						

II.7. OUTROS DATOS A RESALTAR POLO CENTRO.

Cabe destacar que, ao longo do curso 2016/2017, leváronse a cabo diversas actividades no marco do plan de promoción do centro, entre as que sobresaen as seguintes:

1.- Celebración do curso cero. O día 5 de setembro de 2016 celebrouse o denominado “curso cero”, destinado a facilitar ao alumnado de novo ingreso o tránsito e adaptación ao ámbito universitario, presentando o Grao en Dereito e dándolles a coñecer os instrumentos postos á súa disposición por parte da facultade (achégase programa).

2.- Celebración da I Foro e Feira de Emprego Xurídico de Galicia. Os días 4 e 25 de novembro de 2016 celebrouse “Orienta Iuris”, evento ao que asistiron un centenar de persoas vinculadas co mundo do Dereito. Conferencias, microcharlas, zona de casetas e obradoiros foron as principais propostas desta cita especializada, que reuniu nun mesmo espazo a profesionais, estudantado e egresados/as. Tras a inauguración, na que participaron o vicerreitor do Campus de Ourense, Virxilio Rodríguez, o alcalde de Ourense, Jesús Vázquez Abad; o presidente da Audiencia Provincial, Antonio Piña, e a decana da Facultade, Marta Fernández, comezou a programación de charlas. Os relatorios abordaron temas de interese para a empregabilidade do alumnado e egresados/as, pero tamén trataron cuestións de actualidade sectorial para profesionais en activo. As xornadas finalizaron coa celebración dun obradoiro de emprego (achégase programa).

3.- Celebración de curso 3.5. O curso de orientación académica para estudantes de terceiro curso do Grao en Dereito celebrouse o luns 23 de xaneiro de 2017 na aula magna da Facultade de Dereito. Os seus obxectivos son facilitar ao alumnado a continuidade da súa formación universitaria a través de estudos de mestrado e o seu desenvolvemento profesional ou incorporación laboral; presentar ao alumnado de terceiro curso información de interese académico e profesional para a continuación dos seus estudos de grao; e dar a coñecer ao alumnado os recursos e ferramentas que teñen á súa disposición na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade de Dereito (achégase programa).

4.- Outras actividades de promoción. Ademais das actividades indicadas, ao longo do curso 2016/2017, de maneira continuada, procurouse dar a maior publicidade posible ás actividades desenvolvidas no centro (aparicións nos medios de comunicación, mantemento e actualización da páxina web, participación en xornadas de difusión...),

así como dirixir a oferta formativa cara aos seus destinatarios potenciais (atender as distintas peticións procedentes de centros de ensino sobre visitas a e información sobre o centro, colaboración co colexio de avogados, publicidade durante a celebración das PAU etc.) con especial atención ao eventual proceso de internacionalización (visitas de profesores estranxeiros e de profesores propios en centros estranxeiros, charlas do persoal da oficina de relacións internacionais, reunións destinadas a preparar un futuro plan de internacionalización, etc.).

En concreto, sen ánimo de ser exhaustivos, cabe detallar as seguintes actuacións desenvolvidas durante o curso 2016/2017 para a promoción do centro e das súas titulacións:

4.1. En centros de educación secundaria e bacharelato e de Formación Profesional da provincia:

a) Remisión, o 9 de maio de 2017, dun correo electrónico con información sobre as titulacións de grao do centro (perfil de ingreso, planos de estudos, perfil de egreso...) aos orientadores/as de ensino secundario e centros de FP da provincia, do seguinte xeito (achégase a documentación enviada):

“Estimadas orientadoras e orientadores,

Poñémonos en contacto con vostedes desde a Facultade de Dereito do campus de Ourense da Universidade de Vigo coa finalidade de darlles a coñecer a nosa oferta formativa e promocionar o centro entre o seu alumnado.

As titulacións de grao que ofertamos con número de prazas limitadas son as dúas seguintes –que poden posteriormente complementarse con estudos de mestrado e doutoramento–:

- *Grao en Dereito (4 anos, 50 prazas).*
- *Dobre titulación en Grao en Dereito+Grao en Administración e Dirección de Empresas (5 anos, 20 prazas)*

Nos arquivos anexos achegamos os folletos informativos sobre a oferta académica e unha breve presentación que utilizamos nas xornadas de portas abertas. Na presentación sintetizamos algunhas das razóns para estudar Dereito no Campus de Ourense. En todo caso, se desexan mais información poderán atopala non nosa páxina web (<http://www.dereito.uvigo.es>) ou poden contactar connosco a través desta conta de correo electrónico ou non teléfono 988368900”.

b) Charlas divulgativas nos centros de educación secundaria que contactaron directamente co centro: O venres, día 28 de abril, a Decana da facultade acudiu ao Colexio Plurilingüe “María Auxiliadora” de Ourense (a petición do propio centro) para promocionar a titulación do Grao en Dereito entre alumnos de Bacharelato.

c) Visita ao centro duns alumnos dun Instituto de Monforte o mércores, 8 de febreiro, ás 11:30 h., para coñecer a Facultade de Dereito e as súas titulacións, previa petición por parte da orientadora do centro.

4.2. Xornada de portas abertas: O mércores día 22 de marzo a decana da Facultade participou nunha "Xornada de portas abertas" -actividade conxunta de promoción dos centros do Campus de Ourense - organizada pola vicerreitoría Campus de Ourense-Campus dá Auga, aproveitando o “Día mundial da auga”, coa finalidade de orientar ao estudiantado sobre o seu futuro universitario, presentar os centros e as titulacións impartidas no Campus, dar a coñecer a investigación que se realiza no marco do Campus do Auga e presentar as instalacións do Campus así como os seus equipamentos e a oferta de actividades culturais e deportivas. A vicerreitoría do Campus encárgase agora institucionalmente de promocionar o Campus así como as titulacións. A visita foi aberta a toda a comunidade educativa, previa solicitude por parte dos centros educativos interesados, e ata completar a capacidade do Salón de Actos Marie Curie (400 prazas).

4.3. Organización de actividades múltiples: conferencias, seminarios, congresos, xornadas sobre temas xurídicos, comunicados de prensa sobre os principais eventos e novidades, folletos e carteis informativos que poden consultarse na páxina web da facultade na ligazón de actualidade -<http://dereito.uvigo.es/es/actualidad> e <http://dereito.uvigo.es/gl/actualidade>-. En concreto, as seguintes:

“PENSAR O DEREITO: DIÁLOGOS ENTRE UNIVERSIDADE E XUSTIZA”

DATA: 18 DE MAIO E 1 E 8 DE XUÑO DE 2017

LUGAR: SALÓN DE GRAOS DA FACULTADE DE DEREITO.

“XORNADAS SOBRE FEMINISMO E TEORÍA XURÍDICA: DEBATE SOBRE REGULACIÓN DA PROSTITUCIÓN”

DATA: 26 DE OUTUBRO DE 2016

LUGAR: AULA MAGNA DA FACULTADE DE DEREITO

“LIGA DE DEBATE”

DATA: 14 AO 21 DE NOVIEMBRE DE 2016

LUGAR: FACULTADE DE DEREITO

“III SEMINARIO INTERNACIONAL HISPANO-BRASILEIRO SOBRE SOCIEDADE, DEREITOS HUMANOS E MEDIO AMBIENTE”

DATA: 21 E 22 DE NOVEMBRO DE 2016
LUGAR: SALÓN DE GRAOS DA FACULTADE DE DEREITO

“DEREITO ADMINISTRATIVO, AUGA E SUSTENTABILIDADE”
DATA: 6 E 7 DE OUTUBRO DE 2016
LUGAR: FACULTADE DE DEREITO

“O NOVO RÉXIME XURÍDICO DO URBANISMO EN GALICIA”
DATA: 25 DE ABRIL DE 2017
LUGAR: SALÓN DE GRAOS DA FACULTADE DE DEREITO

“CURSO 0: INTRODUCCIÓN AOS ESTUDOS DE DEREITO”
DATA: 2 DE SETEMBRO DE 2016
LUGAR: AULA MAGNA DA FACULTADE DE DEREITO

“PROGRAMA DE FORMACIÓN SOFTWARE NA NUBE”
DATA: 21 DE OUTUBRO DE 2016
LUGAR: FACULTADE DE DEREITO

“SEMINARIO INTERNACIONAL: OS RETOS DA XESTIÓN DO CAMBIO NA
EMPRESA DESDE A PRESPECTIVA LABORAL E SOCIAL”
DATA: 17 E 18 DE NOVEMBRO DE 2016

“CURSO DE COMUNICACIÓN VERBAL: ORATORIA E MEDIA TRAINING”
DATA: 23 E 24 DE MARZO DE 2017
LUGAR: FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE

“CONGRESO EURAMERICANO DE DEREITO E POLÍTICA”
DATA: 17 AO 21 DE ABRIL DE 2017
LUGAR: FACULTADES DE DEREITO DE OURENSE E SANTIAGO DE COMPOSTELA

“XORNADAS DE REXISTRO E CONTROL HORARIO NA XORNADA DE TRABALLO”
DATA: 26 DE OUTUBRO 2016
LUGAR: FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE

“XORNADAS SOBRE AS XURISDICIÓNS PENAL E CONTENCIOSO-
ADMINISTRATIVA NA LOITA CONTRA A CORRUPCIÓN PÚBLICA”
DATA: 13 DE XULLO DE 2017
LUGAR: COLEXIO DE AVOGADOS DE OURENSE

4.4. Promoción internacional do centro: basicamente a través do profesorado, PAS e alumnado que realiza estancias en universidades estranxeiras. Incluindo especialmente o nomeamento como doutor honoris causa pola Universidade de Comahue (Arxentina) ao catedrático emérito de Dereito romano da facultade D. Luís

Rodríguez Ennes, o 20 de decembro de 2016 (celebrada a entrega o 28 de abril de 2017). Respecto da estancia de profesores da facultade no marco do Programa Erasmus, constan no centro os seguintes: Inés Iglesias Canle, Mónica Siota Álvarez, María Dolores Fernández Fustes, María Vitoria Álvarez Buján e María José Bravo Bosch –esta, sen docencia maioritaria no noso centro, aínda que figura nunha materia optativa-. Finalmente, o profesor Pablo Raúl Bonorino Ramírez realizou unha estancia de investigación (28 de xuño ao 8 de setembro) na Universidade de La Plata (no marco do proxecto de investigación MINECO).

